

# A estética poética dun antipoeta chamado Celso Emilio Ferreiro

*Xosé Luís Sánchez Ferraces*

Un dos temas máis recorrentes no discurso poético contemporáneo (o índice de recorrencia elévase notablemente na representación poética de inspiración social-realista) é a explícita referencia que moitos poetas fan non só ó seu propio código temático, senón tamén ó estatuto e á función que debete la poesía. A maneira de exemplo, e sen alonxarnos das literaturas galega e portuguesa, podemos cita-los casos de dous poetas, ideoloxicamente moi dispares, como son Manuel Curros Enríquez e José Gomes Ferreira. Mentres o primeiro proclama desde o seu poema “¡Crebar as liras!” (véxase o libro *Aires da miña terra*) que hai que temperalas en odio e en ira, ata que delas saian as explosións das minas e ata que cada nota, coma un andazo, varra as vellas teogonías, o segundo aproveita a composición XIII do seu *Panfleto contra a Paisagem* (1936-1937) para recomendarlles, de maneira explícita, ós poetas do seu tempo e, implicitamente, ós poetas de tempos vindeiros, que desterren da súa ollada poética as realidades celestes (chámense estrelas, lúa ou Vía Láctea) e deixen os misterios para despois, para cando

não houver na noite  
outras razões de sofrer mais vis.

Pois ben, entre eses moitos poetas sobresa, eu diría que de forma notable, pola excepcional reiteración nun discurso autorreflexivo sobre o estatuto e as competencias da poesía, Celso Emilio Ferreiro, autor de nove poemarios en galego, que o noso poeta escribiu, segundo confesión propia, movido case sempre pola ineludible necesidade de ser fedatario inconformista da súa estadia no mundo e testemuña do que son, pero visionadas desde o ángulo do que deberían ser, as relacións do home co home e do home coa sociedade.

A encomenda do presente traballo, de título tan aparentemente contradictorio, non vai ser outra que tratar de explica-la función, a natureza e o ámbito da poesía de Celso Emilio, partindo dun *substratum* teórico-ideolóxico, dunha mundividencia apoiada nunhas conviccións *políticas* (inicialmente non partidarias) simples e non programadas, que o propio poeta resumía con estas palabras:

...sinxelamente estou pola liberdade, pola xusticia e contra o asoballamento do home polo home. Nesas tres formas de entende-lo que poderíamos chamar “a política”, está, naturalmente, mergullada a liberdade, naturalmente a verdade, e á verdade vai xunguida a xusticia e á solidariedade vai xunguido o amor que todo elo representa prós outros, ou sexa, prós meus irmáns, os homes.<sup>1</sup>

Por moito que se queira negar, de todos é sabido que no mundo da literatura non hai posibilidade de ser neutral respecto ó destino do home: sempre hai unha actitude política ou social que, queira que non o escritor, acaba por aflorar, máis ou menos explicitamente, á obra literaria. No caso de Celso Emilio Ferreiro, escritor dotado dunha sensibilidade moi aguda para os problemas que suscita a controversia entre o home e a sociedade, e que se autodefiniu como “un gallego de izquierda, formado en el marxismo como método de análisis de la sociedad y de la historia”<sup>2</sup> esa actitude patentizada en boa parte dos seus poemas, foi de aberta afirmación da dimensión humana, referida sempre ó home concreto “esmacelado na loita por sobrevivir e por acadar a liberdade”<sup>3</sup>. Utilizando unhas palabras de José-Carlos Mariátegui, podemos dicir que os xuicios poéticos do autor de *Longa noite de pedra* se nutren dos seus ideais, dos seus sentimentos e das súas paixóns.

O universo poético celsoemiliano está xirando fundamentalmente ó redor dun eixe ideolóxico, consistente en que determinadas condicións político-sociais contaminan de tal xeito o cotián do home concreto, que fan deste un ser expulsado da súa posición primordial (na que debería ser *medida e finalidade* última de todo), un ser alienado e imposibilitado para construír el mesmo, en lúcida e completa liberdade, a súa propia biografía. Ese eixe aparece claramente definido nas “Palabras necesarias” que Celso Emilio escolleu como introducción ó estudio da vida e obra do seu paisano Curros Enríquez. Escribiu alí:

...la poesía es un fenómeno de la naturaleza del hombre, y no el hombre un fenómeno de la naturaleza de la poesía (A. Cabal). La poesía no es un producto estático, algo igual a sí mismo, cuyo ser está en su propio ser, y que el poeta trata de revelar como si fuese un medium de lo abstracto, sino que es un producto del hombre, que se conforma y transforma con arreglo a un aquí y un ahora determinantes. ¿Y existe algo más determinante que el hecho político-social, entendido por el ser y el estar del hombre sobre el mundo?<sup>4</sup>.

1. M<sup>a</sup> Xosé Porteiro e Xosé A. Perozo, p.45.

2. César A. Molina e Luís Suñén, p. 74.

3. Celso Emilio Ferreiro, “Verbas limiares”, *Autoescolha poética*, p. 31.

4. Celso Emilio Ferreiro, *Curros Enríquez*, p. 17.

Nunhas condicións así, o poeta non pode permanecer indiferente. A súa misión consistirá entón en exercer de axente civilizador que, en loita continua coa inercia da Historia, aspira a altera-lo destino do home na sociedade a través dun pensamento social ascendente. Na entrevista concedida a José M<sup>a</sup> Costa no ano 1976, dicía Celso Emilio:

Pienso que la poesía puede anticipar la visión de un mundo que se transforma por la dinámica social de la historia. La poesía puede profetizar ese mundo, adivinar su advenimiento, puede incluso crear en el hombre (en el minoritario lector de poesía) un estado de conciencia favorable a esa transformación. Pero no transformar el mundo<sup>5</sup>.

É dicir, Celso Emilio Ferreiro non cae no optimismo inxenuo de crer que un discurso poético, aínda dotado no mellor dos casos dunha profunda carga ideolóxica, pode ser capaz de derruba-los cimentos dunha sociedade inxusta. Pero, iso si, recoñécelle un estimulante poder concienzador para ir corrixindo as condicións opresivas e eliminando, de paso, as alienacións (enténdase esta palabra como sinónima de privacións) sociais, políticas, históricas e mesmo biográficas, quer dun home, quer dun grupo humano, que vive nun determinado espacio xeográfico e nun determinado tempo histórico, e así acadar ese futuro poeticamente anticipado. Cada situación conflictiva vai acompañada na poesía de Celso Emilio necesariamente das súas señas de identidade.

Pretendo que a miña poesía esté perfectamente identificada e que se sepa onde está feita. Esta identidade, por suposto, non se atingue somente co uso da língoa propia. Fan falla máis aportación e ingredientes inconfundíbeles. Na falla de identidade de moita da poesía actual radica o desaire do povo cara ela.(...) Para acadar a atención do povo -verdadeiro destinatario do mensaxe poético- a poesía ten que mostrar onde está feita, recuperar a súa marca de orixen, falar dende el e proqramarse o seu intérprete<sup>6</sup>.

Asistimos así ó nacemento literario dun *antipoeta* que, na terminoloxía de Celso Emilio, se identifica con aquel poeta que escribe preferentemente

pra ser hóspede do home,  
pra que cada día seña  
o primeiro do mundo.

5. José M<sup>a</sup> Costa, p. 25.

6. Celso Emilio Ferreiro, "A poesía é verdade", p. 5.

E asistimos, tamén, á aparición dunha poesía, a *antropoética*, que fala en “nós” e non en “eu” (= con predominio do pensamento solidario sobre o sentimento) e que é mobilizada predominantemente pola realidade conflictiva dun *hábitat*, o galego, fustigado pola Historia (= con predominio do obxectivo sobre o subxectivo).

Para este lirismo, vello e novo<sup>7</sup> ó mesmo tempo, Celso Emilio Ferreiro reclama os calificativos de comprometido, testemuñal, rebelde, contestatario, inconformista e belixerante, pero non os de social nin realista, por parecénlle os dous últimos fraudulentos, equívocos e tendenciosos.

Os temas representativos que de modo case permanente, mais en ningún caso *exclusivo*, solicitan a atención do poeta, son: a liberdade, a xusticia, a opresión e a solidariedade. E suliño o adxectivo “exclusivo”, porque, ás veces, “no tempo do corazón mollado de saudade”, asoma ó discurso poético de Celso Emilio un suxeito lírico en primeira persoa, o *eu individual*, conformador dunha literatura interiorista,

Soio te teño a ti, miña memoria,  
envolta en señardades e recordos

sen que isto atente o máis mínimo ó estatuto e ás responsabilidades do *eu social* do poeta, empeñado na análise teimosa e desmitificadora da realidade circundante.

O posible conflito entre o *eu individual* e o *eu social* solúciónase na estética ferreiriana, non coa eliminación tallante dun dos dous elementos (non hai maximalismo), senón coa convivencia de ámbolos dous *eus*, anque subordinando o primeiro ó segundo, porque nunha escala de preferencias axiolóxicas a dor humana deber ser anterior á beleza da rosa, e a dignidade do home esteticamente máis valiosa ca un luar.

No se puede abstraer, separar la obra de arte de la  
humanidad activa del artista. Todos tenemos una  
realidad intrínseca y un tiempo personal ajeno a la  
realidad y al tiempo de los otros<sup>8</sup>

Agora ben, esa realidade intrínseca e ese tempo persoal non poden, en opinión de Celso Emilio, ser elevados á categoría de Absoluto Poético. De aí que o autor dos *Antipoemas* non pare de escarnece-lo Poeta (poñámolo así: con P maiúsculo) que fai profesión programática de *precaución, conformismo, neutralidade, pureza...*, é dicir,

7. Sostén Celso Emilio, eu creo que con moita razón, que unha poesía belixerante como a súa non supón unha *novidade* (ou como el di, unha *moda*) na historia da literatura galega, e máis ben debe ser considerada como unha adhesión a unha tradición, a un *modo*, da poesía galega, que tería o seu punto de arrinque xa nos cancións galego-portugueses. (“Eu fun un continuador, á miña maneira, desa liña”: Fernando Franco, “Celso Emilio Ferreiro”).

8. Celso Emilio Ferreiro, “Curros Enríquez, poeta del exilio y la libertad”, p. 19.

- O poeta epicéntrico:

que endexamais cos seus poemas  
lle tirou o sono ás autoridades  
civiles ou militares  
(“O inofensivo”, *Cimiterio privado*)

- O poeta venal que rexeita a poesía comprometida, porque ten xa

...un compromiso apalabrado  
cos que están máis acá da poesía  
(“O poeta venal”, *Cimiterio privado*)

- O poeta neutro, de cítara amarela, que

Dedante dos aldraxes  
i as inxusticias,  
lavouse as mans  
(“O neutro”, *Cimiterio privado*)

- O poeta de alma pura, pero que non ten alma.

- O poeta partenoxénico que, enclaustrado ferventemente no seu foro íntimo, cultiva o chirimbolismo sentimental.

- O poeta-sport que, navegando polos meandros do subconsciente, irracionaliza o discurso poético.

Todos e cada un destes poetas son colocados no punto de mira dalgúns dos versos ferreirianos máis belixerantes e aceirudos<sup>9</sup>, xustamente por se situaren nos antípodas da estética poética de Celso Emilio, para quen a verdadeira poesía debe ser un instrumento de comprensión transformadora, un modo de entender e interpreta-la vida, un dicir desde unha actitude solidaria co home e non para uns homes determinados.

O anteriormente exposto non debe levarnos a pensar que Celso Emilio Ferreiro foi partidario dunha poesía enteiramente alonxada de calquera recurso formal e, por conseguinte, desprovista dun mínimo encanto máxico. De ningún modo. Participou da idea de que dici-las cousas con certa beleza ten a súa importancia. Creu que, se o destino final do lirismo auténtico é permiti-lo acceso

ó esclarecemento da realidade *verdadeira* agachada atrás da realidade aparente das cousas, a poesía non podía quedar reducida, evidentemente, a un puro xogo de malabarismo verbal e, moito menos, a unha pura álgebra recreativa, a un puro crucigrama ou a unha pura adiviña, pero tampouco debía ser desposuída dun *mínimum* estético sen o que a poesía non existe e a arte deixa de ser arte. Con outras palabras, o poeta celanovés, nado, como el di no poema “Epitafio posíbel”, cando “cañoneaba París o Grande Bertha”, non se atrincheirou nunha posición antiformalista, porque consideraba que a belixerancia poética non tiña por que estar reñida cun certo adobío técnico-formal. A única condición que a este se lle impón é que se manteña nun grao de sobriedade, para que a eficacia ideolóxica da poesía non resulte anulada, desde un punto de vista comunicativo, por un exceso de virtuosismo formal. Cando se fai da poesía un medio e non un fin, a elaboración discursiva non debe ser nunca altamente desmedida. A estética reside primordialmente no fondo, no *quantum* de dimensión humana que o poema desvela, non na forma (“A forma é absolutamente secundaria”)<sup>10</sup>. Celso Emilio Ferreiro, poeta preocupado pola revolución ética e non pola evolución estética, non deixou de repetilo unha e mil veces. Velaquí dúas delas. A primeira corresponde ó libro *Viaxe ao país dos ananos*; a segunda está tomada de *Onde o mundo se chama Celanova*:

Estou entre vós  
e de vós falo,  
homes.  
Non me importan  
as derradeiras modas  
nin os modos snob  
dos poetisos  
que procraman o estrume por divisa  
(“Compromiso”)

Non penses que a poesía é cousa sacra  
porque a teñan rubido nun altar  
aquiles que a pretenden pra iles soios,  
lonxana, altiva, intelectual.

A poesía é un craro asunto  
de todos: meu e teu, e dos demais.  
Cando os demais se van e nós nos imos  
ela tamén se vai.  
(“A nosa amiga”)

E por ser un asunto de todos, a poesía de Celso Emilio persegue afanosamente o rostro e a silueta do home aló onde ese rostro e esa silueta poden estar sendo desfigurados, quer lonxe (París, Harlem, Caracas, VietNam, Bo-

---

10. Siro López “De parola con Celso Emilio”, p.4.

livia...), quer preto (a súa Galicia: economicamente deprimida, culturalmente aldraxada e politicamente asoballada), xa que, como di Ernst Fischer, na súa xerarquía da realidade, ‘‘o home é a figura central’’. Denuncia belixerantemente, en clara identificación do suxeito poético con temas de incidencia sociopolítica, as inxusticias do seu tempo histórico, falsamente edénico, no que a penas se deixan senti-las dores, nada metafísicas, da man encalecida, da xente morta de frío polos camiños, dos vellos e meniños, dos desherdados, dos que están na cadea, dos que aguantan rexamente mentiras e adversidades de cotío, dos inmolados á ira nas longas noites de pedra, dos asolagados nun soño de liberdade e solidariedade comunal, das vítimas da delación coordinada, dos emigrantes

máis alá dos páramos silentes,  
máis alá das illas diáfanas,

dos esfameados que estenden a man para da-las razóns máis antigas:

a inxusticia da fame, a tristura  
a absoluta soedá dos rochedos...,

porque estas dores, e moitas outras, fondas, reais e caladas

O home vai e vén,  
o que leva por dentro  
non o sabe ninguén

aludidas polo poeta (‘‘pedra de amor cun nome para os outros’’) cando nos confesa:

Dóenme as cousas todas que latexan  
baixo a chuva implacábel  
que cai na escura codia diste mundo.  
(‘‘O silencio de Dios’’, *Longa noite de pedra*)

delinean o ámbito prioritario da poesía de Celso Emilio.

Creo que a forma mellor de finalizar este traballo, que se impuxo como obxectivo analizar, sucesivamente, a función, a natureza e o ámbito da poesía de Celso Emilio Ferreiro, sería facelo coas súas propias palabras. E por crelo así, non me resisto á idea de poñerlle como remate un poema que contén tódalas claves da súa estética poética. O poema titúlase ‘‘Setembro 1972, II’’ e está incluído no libro *Onde o mundo se chama Celanova*. Con el dou cabo a este traballo.

A poesía debe ter como fin  
a verdade práctica.  
(Lautréamont)

Perguntoume un literato,  
¿qué poesía fas ti?  
Eu non fago poesía,  
fai-me a poesía a min.

Cómo son eu non o sei,  
soio sei cómo non son.  
Non son un poeta-ouxeto,  
non son un poeta-sport,  
non son un poeta fámulo,  
non son un poeta-mol,  
pra darlle gusto ós burgueses  
que andan buscando o folclor.

Que cada poema sexa  
un acontecemento,  
algo que está pasando  
lonxe ou perto.  
Unha canción,  
un suceso,  
un cartel,  
un berro,  
e tamén,  
por qué non,  
un beixo.

O mundo do futuro  
non nos pertece,  
o mundo do pasado  
no desván envellece.  
O presente me ateoño,  
a poesía é un arma,  
disparemos.